

A urbanización de Xaz reportará importantes ingresos ás arcas municipais

A costa de Oleiros é declarada sendeiro azul europeo

Páxina 11



Concello de  Oleiros

O Concello contratará as obras rotonda de Santa Cruz despois do verán

Páxina 4

Vivir en Oleiros

Número 56
Xuño 2017
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

A Federación de Gremios de Editores reconece anualmente á mellor rede de bibliotecas de España



Seguen á venda 15 parcelas urbanas

Páxina 7

Abre a nova sede da Facenda municipal

Páxina 9

As editoriais do Estado premian ao Concello de Oleiros polo Sistema de Bibliotecas Municipais

■ A Federación de Gremios de Editores de España, que representa a máis do 90% das editoriais privadas do Estado, concedeu ao Concello de Oleiros o prestixioso *Premio Fomento de la Lectura a Bibliotecas abertas al público*. O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais e as numerosas actividades de promoción da lectura que se desenvolven ao longo do ano foi merecedor deste importante recoñecemento que as editoriais outorgan anualmente. O galardón será entregado no mes de outubro en Madrid, no marco da Feira Internacional do Libro, Liber 2017.

Alfaroleiros celebra a súa XXIII edición entre o 2 e o 6 de agosto

Páxina 19

As políticas sociais municipais garanten a atención ás persoas dependentes

A política social do Concello de Oleiros conta con numerosos servizos dirixidos á atención e á asistencia das persoas dependentes e cunha ampla e variada programación de actividades coa que se pretende favorecer un envellecemento activo. O mantemento deste sistema de benestar municipal supón o investimento de 1,5 millóns de euros anuais.

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

I Romaría
Alternativa dos Veciños
na Finca Tenreiro

Desde **Alternativa dos Veciños** queremos convidarvos a participar na **Romaría** que organizamos o vindeiro **sábado 8 de xullo a partir das 12 da mañá na Finca Tenreiro, en Vilanova- Nós.** A entrada é libre con mesas e cadeiras para xantar.

Podedes traer a comida da casa ou mercar alí polbo, churrasco, viño ... Tamén teremos foliada, actuacións musicais, inchables para nenos...

Agardámosvos!

Para organizarnos mellor, fala co concelleiro da túa parroquia ou chama ao 981 61 00 00, extensión 1216.

www.alternativadosvecinos.org
www.facebook.com/alternativadosvecinos



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

Máis do mesmo

Achégase o verán. E con el, como dicía a famosa serie dos oitenta, os problemas crecen. Dáse o caso de que non é ouro todo o que loce, e neste concello, ao contrario do que di o alcalde, non todo está ben feito. Dende hai un tempo detectamos un empeoramento no servizo de recollida de lixo. Contedores insuficientes, en mal estado, horarios deficientes de recollida... O grupo popu-

lar trasladou en sesión plenaria a proposta de reforzar o servizo e facer máis recollidas, incluída unha o domingo por mor da tempada estival e maiormente en zona turística e onde a hostalaría é máis importante. Así mesmo comeza a tempada da Ora. Cando se instalou no concello, o alcalde expresou que atendía a un fin organizativo para despois recoñecer o afán reca-

datorio. O grupo municipal popular realizou propostas intelixentes como a de reducir o tempo mínimo de estacionamento e así mesmo o importe, creando unha tarifa express para poder realizar xestións curtas ou a proposta da tarxeta de residente para evitar o pago os veciños do concello. Por outro lado, a Axencia Europea do Medio Ambiente acaba de emitir o seu informe sobre

a calidade das augas de baño, no que unha praia deste concello non é recomendable para o baño por detectarse a presenza de bacterias fecais. Non é outra que Santa Cruz Porto. Algo non entendible nin permisible para un núcleo como o de Santa Cruz. O Partido Popular de Oleiros segue a facer propostas e a traballar polos veciños de Oleiros.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

En relación á próxima entrada en funcionamento da ORA no noso concello, os socialistas de Oleiros queren facer as seguintes consideracións:

1. Somos conscientes da necesidade de regular o estacionamento na época estival, pero non consideramos que iso deba supoñer un importante desembolso para os veciños de Oleiros, e unha

traba máis para os establecementos de hostalaría do noso concello.

2. Esiximos unha solución para os veciños residentes nas zonas próximas á implantación da ORA, que se ven forte e dobremente prexudicados, tanto polo importe que lles supón, como polas dificultades para atopar estacionamento nestas épocas do ano.

3. Esiximos a eliminación total dos custos da ORA, tanto para veciños de Oleiros, como para visitantes, xa (que) os mesmos supón (supoñen) unha importante traba para a economía do municipio, afectando importantemente (de forma importante) ós sectores do turismo e da hostalaría.

4. Un concello que vén de presentar ano tras ano superávits de máis de cinco

millóns de euros non precisa dos ingresos da ORA. É necesario rematar coa voracidade recadatoria e inxusta neste concello.

5. Como alternativa ó modelo de pago, propoñemos o establecemento dun modelo de estacionamento express e un sistema de rexistro horario que non estivese suxeito ó pago, como fan noutros concellos galegos.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Pararse a escoitar

Chegado o ecuador da lexislatura cremos necesario facer unha valoración destes 2 anos. Pero desde o BNG de Oleiros queremos que vós nos axudedes a facela. Temos interese en saber se o traballo que estamos a facer vos está a chegar. Queremos saber en que temos que mellorar, sobre que temas é necesario que insistamos máis ou que propostas vos

parece que temos esquecidas. Sabemos que non sempre se pode ou non sempre apetece acudir a unha asemblea, por moito que a anunciemos e moi aberta que sexa. Se queredes axudarnos neste proceso de reflexión, podédesnos mandar un correo electrónico a bng.oleiros@gmail.com, a través das nosas redes sociais ou mesmo telefonicamente, no

679 721 687, onde Fran Rei, o noso concelleiro, vos atenderá.

No BNG andamos cunha idea central: dármolos a coñecer entre as veciñas e os veciños. Sabemos das nosas limitacións: nós non temos os mesmos medios que outras forzas políticas. Por iso cústanos algo máis chegar á vosa parroquia, ao voso barrio... Aínda así,

o noso obxectivo segue a ser o mesmo: igual que en Nós, en Montrove, en Santa Cristina ou en Lorbé coas nosas asembleas abertas, queremos ir percorrendo todo o concello. Para coñecervos, para escoitarvos, para explicarnos, para aprendermos de vós... ou, simplemente, para tomarmos un café ou un viño e agradecervos que nos atendades. Seguimos!

EDITORIAL

• Por unha Área Metropolitana forte ao servizo da cidadanía

◆ É moito o que se está a escribir sobre determinadas políticas que afectan e son o futuro imprescindible da Coruña e a súa área de influencia.

Os medios de comunicación téñennos afeitos a informacións sobre a vida política que non se axustan ben á realidade que os veciños e veciñas soportamos. Os intereses tanto económicos como partidistas provocan a proliferación da desinformación por parte duns medios cuxa praxe se afasta dos ideais dun xornalismo independente ao servizo da cidadanía.

A creación da área metropolitana debe estar por enriba deses intereses partidistas. O entendemento entre A Coruña e os concellos da comarca é imprescindible para o benestar e o desenvolvemento. A falta de miras e visión de futuro non teñen cabida neste tren que ven cargado de melloras importantísimas para os municipios que formamos parte da área metropolitana. Xuntos temos a oportunidade de conseguir o que tantos anos nos leva negando a desidia dos diferentes gobernos e a carencia de deputados dignos de representarnos. Deputados que, ademais, unha vez elixidos, dedicáronse a gozar das bondades do cargo, ignorando a quen os votou.

Os accesos á cidade: Alfonso Molina, ponte da Pasaxe, paso a distinto nivel no Sol y mar, o vial

18 que afecta a Culleredo e Arteixo, o tren ao porto exterior, o uso do solo do porto da Coruña para a creación dunha intermodal para o transporte de autobuses, o tren de cercanías, o dragado da ría, a continuidade da vía Ártabra, a mellora da rede de augas con novos depósitos, en previsión de posibles secas, a potenciación dos polígonos industriais... Son moitos os temas que teñen que ocupar con urxencia a axenda política da área e que poden facer da nosa contorna a máis avanzada de Galicia.

Todas estas infraestruturas e servizos só se poden lograr cunha entidade metropolitana forte. Sen bloqueos. Aqueles que están a atrancala, atentan contra o progreso e o benestar de todas as cidadás e cidadáns que vivimos e traballamos por e para a comarca. Non se pode atrasar máis o proceso de constitución. O Concello da Coruña ten que ter a capacidade de capear aos que queiran sacar votos con maquinacións e atrasos. Eses políticos con intereses fóra da área, cómplices do bloqueio, serán os responsables de que a comarca da Coruña non avance.

Non todo vale para vencer ao contrario, e a difamación moito menos!

Por un área metropolitana forte ao servizo da cidadanía!



O Concello de Oleiros abordará as obras de construción da rotonda de Santa Cruz despois do verán ▶

◆ O alcalde de Oleiros procedeu á sinatura dun convenio coa Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia no que se aproba que sexa o Concello de Oleiros o que realice as obras da rotonda de Santa Cruz. Este acordo permitirá axilizar a contratación da obra que financiará de xeito íntegro a Xunta de Galicia con 595.000 euros. Así mesmo, neste convenio, o Concello de Oleiros comprométese a facerse coa titularidade da actual estrada autonómica AC-173, no tramo que vai desde Perillo ata as Viñas de Babilonia. Por parte da Xunta entregarase esta vía restaurada en todos aqueles puntos que sexa preciso.



Rematan os traballos de acondicionamento do contorno da praia de Naval ▼



◆ Finalizaron os traballos de acondicionamento e ordenación do contorno da praia de Naval. Creouse un amplo aparcadoiro público e novas zonas verdes que permitirán un mellor aproveitamento desta zona. Para a realización destas obras, o Concello expropiou previamente 17.165 metros cadrados. Outros 12.465 proceden de cesións urbanísticas.

Segue avanzando a construción do carril bici entre Santa Cruz e Arillo



◆ As obras, contratadas polo Concello con fondos da Deputación, para a creación do carril bici que conectará Santa Cruz con Mera e que agora están a realizarse no tramo que vai desde Augarrío ata a Casa do Pobo de Dorneda estarán rematadas antes de que finalice o verán. Está previsto que ademais da construción deste tramo, tamén se proceda á sinalización e pintado de todo o carril bici existente no municipio desde o paseo da ría ata Mera.

O Goberno municipal demanda que a Xunta contrate a conexión da vía Ártabra coa AP-9 ▼

◆ Na reunión celebrada en Santiago entre o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, este último demandou unha serie de necesidades que ten o municipio como a construción da rotonda de Santa Cruz, a adquisición dun local en Mera para as entidades da localidade e a conexión da vía Ártabra coa AP-9. O presidente explicou que a Consellería de Infraestruturas xa iniciou os expedientes de expropiación do solo necesario para a realización das obras, que teñen un custo de 30 millóns de euros, e que deberían ser contratadas nun prazo moi breve de tempo. Segundo os cálculos da Xunta, o acceso á AP-9 desde a vía Ártabra permitirá reducir en 20.000 o número de vehículos diarios que circulan pola ponte da Pasaxe.

O paseo da ría chegará proximamente ata a rúa dos Sauces ▶

◆ O Concello de Oleiros logrou a cesión gratuíta dos terreos necesarios para a futura continuidade do paseo da ría na zona de Beiramar. Os propietarios cederon ao Concello de Oleiros unha franxa de 6 metros, desde o linde da ría ata o interior, cuxo peche na actualidade chega á beira da zona marítimo terrestre e que vai desde onde remata o actual paseo ata a rúa dos Sauces. A demolición dos muros desta finca permitirá a ampliación do paseo nun prazo moi breve de tempo. O Concello de Oleiros agradece ás familias Bermúdez Escariz a súa doazón.



O Concello impulsa a creación de beirarrúas entre Lamastelle e O Carballo ▼

◆ Unha vez acadada por parte do Concello de Oleiros a cesión do solo por parte dos propietarios lindeiros coa estrada que vai desde Lamastelle ata As Pedreiras e desde ese punto ata o Colexio Cristo Rey, no Carballo; a Xunta sacará a licitación as obras para a realización da beiravía peonil e carril bici en ambos tramos que se atopan conectados. As obras terán un custo de 794.439,11 euros. Así mesmo, tamén se crearán pasos de peóns nas inmediacións da glorieta das Pedreiras.

Portos de Galicia segue sen acometer as obras de reparación da ribada do porto de Santa Cruz ▶

◆ Portos de Galicia está a incumprir o convenio asinado co Concello de Oleiros para a realización das obras de reparación da parte da támara do porto de Santa Cruz que se atopa derrubada. Portos, que pagaba o 80% da obra, comprometérase á realización dos traballos antes do verán e, a pesar das continuas demandas realizadas de maneira oficial por parte do Concello de Oleiros, a obra segue sen realizarse. O noiro presenta un perigo importante de novos desprendementos. Dado que se trata dunha zona na que son moitos os mozos e mozas que se reúnen, especialmente polas noites, precisase unha actuación urgente.



Conclúe a ampliación da Casa do Pobo de Mera ▼



◆ Finalizaron as obras de ampliación da Casa do Pobo de Mera. Construíuse unha nova sala para que se poidan realizar de maneira simultánea varias actividades. Tamén se procedeu á substitución das fiestras, cambio da cociña, pintado exterior da fachada, novo sistema de calefacción, cambio do pavimento no salón principal, remodelación dos baños e outros traballos menores. O Concello de Oleiros investiu nesta obra máis de 100.000 euros.

Rematan as tarefas de ampliación da rúa Mioporos ▶

◆ A ampliación da rúa Mioporos, de dirección única e que serve de vía de saída da praia de Bastiagueiro, está finalizada e lista para a tempada de verán. Con esta obra garántese a seguridade dos peóns que pasarán a dispoñer dunha beiravía para poder camiñar sen perigo. As obras supoñen un investimento de 18.000 euros.



O Concello recibe 796.837 euros da Deputación para a realización de diversas obras ▼

■ Nas vindeiras semanas comezarán diversas obras no municipio, financiadas nun 80% con fondos provinciais e nun 20% con diñeiro do Concello de Oleiros.

PAVIMENTACIÓN DE RÚAS E CAMIÑOS

• Rúa Tierno Galván, rúa da Luz, rúa Laxeiro, rúa Faro, rúa da Cova, rúa dos Niños, rúa do Campo, rúa Curruncho	408.998,14 euros
• Rúa Castro da Vixía.	53.812,09 euros
• Avenida das Américas	143.174,64 euros
• Rúa Mapoulas e rúa da Abella	53.430,88 euros

RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO

• Rúa Benito Feijóo	38.533,94 euros
---------------------	-----------------

RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO

• Sarro-Avenida Espoz y Mina	198.121,13 euros
• Polígono de Lñas-Campamento	199.569,10 euros
• Avenida das Mariñas	93.126,08 euros
• Avenida Concepción Arenal	248.750,90 euros

A empresa á que se lle adxudicou a obra da cuberta da Lagoa de Mera podería acabar nos tribunais

◆ O Concello de Oleiros está a analizar cos técnicos municipais e cos servizos xurídicos as posibles accións a adoptar contra a empresa contratada para a construción da cuberta da Lagoa de Mera, así como contra o gabinete que redactou o proxecto da obra. Antes de comezar os traballos, pretendíase impoñer un sobre custo de 54.000 euros ao Concello de Oleiros, o que o Goberno municipal non permitiu. A empresa podería ser sancionada por incumprimento de contrato e tamén quedaría vetada para traballar para a administración pública durante dous anos.

O Concello mellorará o contorno da polideportiva e do campo da chave do Seixal

◆ Nas vindeiras semanas procederase á demolición do campo da chave do Seixal, que actualmente non está a ser empregado para practicar este deporte. Algunhas persoas incívicas, na súa maioría procedentes de Cambre, causaron numerosos estragos nesta zona degradando considerablemente este espazo público. Unha vez realizado o derrubamento, procederase á mellora de todo o ámbito. Tamén está prevista a reparación do pavimento da pista polideportiva.

Cambio de parada na rúa da Hedreira

◆ Atendendo ás demandas realizadas por parte dos veciños e das veciñas, o Concello de Oleiros cambiará a situación da parada de autobús regular e escolar, na estrada procedente de Sada, que pasará a estar situada entre o viaduto da vía Ártabra e a rúa Hedreira. Con esta nova parada, preténdese mellorar a seguridade viaria da veciñanza da zona e facilitar a fluidez da circulación.



A xestión urbanística do Goberno municipal posibilita que o Concello pase a ser propietario de 530.784 metros cadrados en Xaz ▼

■ A venda do solo municipal afectado polo campo de golf suporá uns ingresos de 1,5 millóns de euros

◆ A creación da urbanización de Xaz, dentro da que se inclúe a construción dun campo de golf, permitirá que o Concello de Oleiros reciba importantes ingresos económicos procedentes da venda de solo que os propietarios están obrigados a entregar previamente para levar a cabo as obras. O desenvolvemento deste espazo tamén implicará a construción de importantes equipamentos e infraestruturas públicas como un campo de fútbol ou unha depuradora, entre outros. Así mesmo, habilitaranse novas zonas públicas e espazos verdes para o lecer de todos/as os/as cidadáns/ás.

PROPIEDADES MUNICIPAIS NA URBANIZACIÓN DE XAZ

- PARTE DA PARCELA DO CAMPO DE GOLF: 115.422,4 m²
- 13 PARCELAS PARA VIVENDAS UNIFAMILIARES: 8.298 m²
- 3 PARCELAS PARA VIVENDAS PLURIFAMILIARES: 6.969 m²
- ZONAS VERDES: 255.116 m²
- EQUIPAMENTOS PÚBLICOS: 38.520 m²
- RÚAS PÚBLICAS: 106.459 m²

A venda de seis parcelas inxecta 610.000 euros para a realización de obras e servizos ▼

◆ O Concello de Oleiros vendeu seis parcelas por 609.031,54 euros no primeiro mes no que estiveron dispoñibles para os compradores. Agora, as 15 parcelas restantes poderán adquirirse por venda directa. Todas aquelas persoas interesadas nalgunha delas deben dirixirse á secretaría do Concello, onde recibirán toda a información que precisen. Na web municipal, www.oleiros.org, tamén poden consultarse todos os detalles sobre os terreos.

Todas as parcelas atópanse en lugares privilexiados do municipio e contan con todos os servizos. A venda deste solo supón unha importante inxección económica para as arcas municipais e son o resultado da política urbanística desenvolvida ao longo dos anos polo Goberno municipal que, por lei, obriga aos propietarios das novas urbanizacións a entregar o 10% do construíble terreo ao Concello.



PARCELAS MUNICIPAIS URBANAS Á VENDA

• Avenida Espoz y Mina 1, Iñás (537,5 m ²)	113.269,31 euros
• Rúa Trovadores 3, Mera (488,32 m ²)	97.035,35 euros
• Rúa Sabra 6, Canide (544,29 m ²)	127.645,02 euros
• Rúa Sabra 8, Canide (544,29 m ²)	127.645,02 euros
• Rúa Sabra 10, Canide (544,29 m ²)	127.645,02 euros
• Rúa Chile 7, Oleiros (294 m ²)	71.932,13 euros
• Rúa Ecuador 26, Oleiros (313 m ²)	76.580,48 euros
• Rúa Cubelos 10, Perillo (202,40 m ²)	103.459,40 euros
• Rúa Palestina 34, Canide (162,90 m ²)	39.012,24 euros
• Rúa Palestina 11, Canide (280,70 m ²)	89.053,18 euros
• Rúa Palestina 13, Canide (308,40 m ²)	97.843,29 euros
• Rúa Palestina 15, Canide (318,40 m ²)	101.015,22 euros
• Rúa Francisco Llorens 7, Oleiros (992,50 m ²)	338.368,61 euros
• Rúa Fonte do Ouro, Polígono de Iñás (225 m ²)	44.899,47 euros
• Rúa Fonte do Ouro, Polígono de Iñás (101 m ²)	20.154,87 euros

O gran piñeiro da rúa do Pombal quedará protexido por un pequeno muro ▶

◆ Dentro da política municipal de defensa da historia e do medio ambiente, o piñeiro situado nas inmediacións da rúa do Pombal e nos accesos á urbanización Cavamontes será protexido cun pequeno muro de pedra. Esta grande árbore pasará a ser de propiedade pública debido á obriga do seu actual propietario a ceder parte da finca para a creación de novas vías. Desde o departamento de urbanismo do Concello de Oleiros deseñouse ese tramo de rúa coa protección deste piñeiro que ten máis de 80 anos de antigüidade.



O Concello insiste na necesidade de que a Xunta aborde o problema do transporte público cos municipios da Área Metropolitana ▼

◆ O grave problema existente co transporte público da Área Metropolitana da Coruña non se arranxa cunha ordenación a nivel provincial, tal e como pretende a Xunta de Galicia. A problemática de Oleiros, que conta con 2.771.204 viaxeiros anuais, de Culleredo, con 1.930.394 viaxeiros, de Arteixo, con 1.402.876, e de Cambre, con 1.378.540, -entre os catro suman o 80,87% das viaxes en autobús á Coruña- precisa de solucións específicas que pouco ou nada teñen que ver coas necesidades de municipios doutras zonas da provincia.

A Xunta de Galicia atópase diante dunha oportunidade histórica para solucionar un dos problemas máis graves que afectan á Área Metropolitana da Coruña. A suspensión das concesións das liñas de transporte por sentenza xudicial posibilita, neste momento, o deseño e posta en marcha de novas liñas e a ampliación das frecuencias para rematar coas graves deficiencias que presenta o transporte público en todo o Concello de Oleiros e especialmente na zona norte do municipio.



Para o acceso dos autobuses ao centro da cidade, a Xunta de Galicia debe establecer conversacións co Concello da Coruña para chegar a un entendemento. A primeira proposta de que entraran 360 autobuses nos Cantóns provocaría un caos circulatorio moi importante que prexudicaría ao conxunto da cidadanía que accede e se move cos seus vehículos a diario pola cidade, principalmente veciños da comarca, creando un problema máis grave do que xa existe.

O alcalde asumiría a presidencia do Consorcio ante a demora na constitución da Área Metropolitana ▼

◆ O alcalde de Oleiros anunciara que asumiría a presidencia do Consorcio das Mariñas mentres non se abordara a creación da Área Metropolitana -que estaba a ser bloqueada por parte dos concellos do PP ao non tomar os acordos nas súas corporacións- e a contratación dunha auditoría para analizar a situación do servizo de recollida de lixo. Na última reunión do organismo, e despois dun

intenso debate entre os alcaldes, os concellos do PP aceptaron aprobar nos seus plenos o acordo de creación da Área Metropolitana da Coruña e tamén se decidiu por unanimidade a inmediata contratación dunha auditoría.

A aprobación da coñecida como Lei Montoro obriga á eliminación dos consorcios. A normativa tamén establece que, mentres non se

completa a súa disolución, quedan adheridos transitoriamente ao concello de máis habitantes, neste caso o de Oleiros. A mellor solución ante este novo escenario é a creación dunha Área Metropolitana, formada polos concellos da comarca e a cidade da Coruña, que permitiría a consecución de importantes melloras na prestación dos servizos públicos.

Oleiros oponse á especulación inmobiliaria nos terreos públicos do porto da Coruña ▼



◆ Os terreos do Porto da Coruña que quedarán liberados unha vez sexan trasladadas as actividades portuarias ao Porto Exterior de Punta Langosteira son de propiedade de todos os cidadáns, dado que son terreos gañados ao mar e nos que non se pode permitir que, unha vez liberados, se masifiquen e se especule con eles para a creación de novos espazos urbanos de bloques de vivendas. Os terreos débense destinar á creación de espazos públicos para o lecer, o deporte, e á prestación de servizos públicos, como podería ser unha estación intermodal de transportes para a área metropolitana na zona de San Diego.

Veciños e veciñas de Oleiros e membros da corporación municipal participaron o pasado día 7 de maio nunha manifestación para impedir a especulación cos terreos portuarios da Coruña. O Goberno municipal fai un chamamento a toda a cidadanía oleirense para que participen nas manifestacións que no futuro se leven adiante na defensa do patrimonio público de todos. Nós tamén somos A Coruña.

Entra en funcionamento o novo edificio de Facenda Municipal ▼

◆ Nestes días, a sede da Facenda Municipal pasará a estar situada no centro de Oleiros, no número 3 da avenida Francisca Herrera, no edificio adquirido ao Banco Popular. As instalacións que viñan prestando servizo ata agora, nas inmediacións da rotonda de Santa Cristina, pecharán definitivamente. Igualmente, a parte da área económica municipal que se atopaba no edificio municipal do Parque Víctor Jara, tamén estará neste inmoble.

Con este cambio de sede, e polo tanto co agrupamento da Facenda Municipal, o Goberno Local quere mellorar o servizo de atención aos veciños e veciñas así como o de facilitarlles todos os tramites económicos que teñan que levar a cabo. As novas instalacións albergarán: a Concellería de Economía e Facenda, Recadación Municipal, Xestión Tributaria, Intervención, Contabilidade e Tesouraría.



Incrementéntase o patrimonio municipal ◀ cunha nova casa nas inmediacións da praia de Bastiaqueiro

◆ O Concello de Oleiros tomou posesión o pasado mes de abril da casa e da finca situada a carón do aparcadoiro público máis próximo á praia de Bastiaqueiro. Esta nova propiedade municipal, que se atopaba en zona verde, foi expropiada por 136.668,67 euros. O Goberno local pretende destinar a planta baixa da vivenda ás actividades municipais náuticas que se desenvolven na praia e o primeiro andar a préstamo para celebración de festas infantís.

O Goberno municipal logra 100.000 euros da Xunta de Galicia para a adquisición do local da praza da Lagoa

◆ O Concello de Oleiros asinou un convenio coa Consellería de Política Social para a adquisición dun local na praza da Lagoa, fronte á Praia de Mera. Esta nova instalación pública acollerá as actividades que desenvolvían as entidades na Casa do Mar antes da súa reforma para Centro de Día e Centro sociocomunitario. A compra deste baixo, de 220 metros cadrados, supón un investimento de 115.000 euros ao que haberá que engadirle unha cantidade similar para adaptalo ás necesidades e á prestación de servizos culturais e sociais da Asociación de Veciños San Cosme e do Centro Deportivo Mariñeiro.

Durante máis de 4 anos, e grazas á mediación do Goberno municipal, a Asociación de Veciños puido realizar as súas actividades nun baixo situado na praza de Ana Kiro que foi habilitado polo Concello de Oleiros. Os veciños fixeron uso del ata que foi requirido polo propietario, no pasado mes de novembro.

O Castelo de Santa Cruz ► albergará o Museo dos Oleiros

◆ O Concello de Oleiros desprazará parte do museo dos Oleiros, situado actualmente nas Torres de Santa Cruz, á planta baixa do Castelo. A actual biblioteca de medio ambiente que ocupa ese espazo será trasladada, posiblemente, ao Pazo de Lóngora, incorporándose desta maneira ao instituto de medio ambiente da Universidade da Coruña. Tamén está prevista a creación dunha aula de estudo na biblioteca de Santa Cruz para todas aquelas persoas que precisen dun espazo dedicado exclusivamente a este fin.



A casa municipal da praia non é para festas sen control nas que non se respectan as normas de uso ▶

◆ Unhas 400 persoas participaron nunha festa na casa municipal da praia de Bastiagueiro incumprindo gravemente as normas de préstamo estipuladas para a estes recintos públicos. Unha cantidade importante de lixo, cristais rotos ou pintadas son algunhas das nefastas consecuencias desta celebración.

A persoa que realizou a solicitude, e que fixo de intermediario para que se fixera a festa, terá que asumir todos os custos de limpeza e reparación da casa e da finca e non poderá volver a recibir en préstamo ningunha das propiedades que o Concello de Oleiros cede gratuitamente aos veciños e veciñas para realizar festas e xuntanzas. Ademais dos graves estragos, vendeuse alcohol, que tamén está prohibido.

O Goberno municipal nunca perseguirá, molestará, incomodará ou censurará a ningún mozo, moza ou colectivo de mozos e mozas que queiran organizar as súas actividades ou festas, pero si que velará pola correcta conservación e uso do patrimonio público de todos e todas.



A Policía Local identifica a un mozo que realizou 231 pintadas vandálicas no municipio ▼

◆ Un veciño de Perillo de 19 anos foi identificado pola Policía Local como o autor de máis de 200 pintadas no municipio que afectan tanto a propiedades públicas como privadas e que supoñen uns danos aproximados valorados en case 50.000 euros. O Concello de Oleiros abrirá un expediente sancionador ao responsable destes actos de vandalismo e esixiralle o pago de 28.000 euros, a cantidade estimada polos estragos causados no patrimonio público.

Sinais, contedores, papeleiras, fachadas, muros, paredes, vallas, bancos, luminarias, paneis informativos, placas de rúas, fontes, escaleiras, tapas de cadros eléctricos e outros elementos do patrimonio público sufriron 134 pintadas pola persoa identificada por parte da Policía Local. Ademais, están contabilizadas outras 97 pintadas en bens e propiedades privadas.

Unha nova empresa ▶ comeza a prestar o servizo de limpeza viaria

◆ Ante os numerosos déficits existentes na realización das tarefas de limpeza viaria por parte dunha das dúas empresas contratadas polo Concello de Oleiros para cubrir este servizo, o Goberno municipal rescindiulle o contrato á adjudicataria e licitou novamente o servizo. Unha nova empresa comezou a prestar este servizo o pasado día 1 de maio. O Concello agarda agora que mellore a situación nas zonas nas que se detectaron os problemas. Ademais, neste novo contrato tamén foi modificada a frecuencia de limpeza segundo a poboación existente nas diferentes rúas e núcleos.



NON ENSUCIES ◀ OLEIROS!

- Ningunha persoa ten dereito a degradar as rúas do noso municipio desta maneira.
- É obrigatorio levar ao punto limpo de lñas todos aqueles residuos que non se poden depositar nos contedores do lixo.

A costa libre de Oleiros é declarada sendeiro azul europeo ▼



◆ A entidade europea ADEAC recoñeceu o elevado número de quilómetros de paseos e sendas existentes ao longo de todo o litoral oleirense designando a costa de Oleiros como sendeiro azul europeo. Para poder acceder a este recoñecemento, o organismo analizou as condicións

medio ambientais da costa, a seguridade e a facilidade de accesos para os visitantes e a xestión dos recursos naturais, históricos, culturais e etnográficos existentes. A costa de Oleiros, desde a ría da Pasaxe ata Lorbé, cumpre claramente con todos estes criterios de valoración.

Cinco praias contarán con bandeira azul ▼

◆ Os areas de Santa Cristina, Bastiagueiro, Mera, Espiñeiro e Naval volven contar co distintivo que recoñece ás mellores praias de Europa. Igualmente, o Castelo de Santa Cruz tamén recibiu a bandeira azul na categoría de centros medioambientais.

O traballo serio e rigoroso na conservación e ordenación das praias e do seu contorno posibilita que Oleiros sexa dos municipios que acumulan máis bandeiras azuis para este 2017. Os múltiples servizos cos que o Goberno local dota ás praias do municipio, xunto coa calidade das augas explican este éxito. Tamén existe unha ordenanza do uso das praias, pioneira en Galicia, que contempla unha normativa que garante a convivencia e a seguridade dos bañistas.



O Concello contrata 70 persoas para manter a calidade dos servizos durante o verán ▼



◆ Para afrontar da mellor maneira posible o incremento de persoas que se produce no verán no municipio e continuar ofrecendo uns servizos de calidade a todos os veciños e veciñas, o Concello de Oleiros contratou un total de 70 persoas: 41 persoas para o Servizo de Salvamento e Socorrismo, 4 auxiliares de policía, 3 técnicos de turismo, 9 persoas para o servizo de limpeza de praias, 5 para a brigada de limpeza forestal, 5 operarios para a limpeza viaria e outras 3 persoas para diversos departamentos do Concello.

Unha parte desas contratacións prodúcense grazas aos acordos asinados tanto coa Deputación, para a contratación dos operarios para a limpeza das praias, como coa Xunta de Galicia, que permite que 5 persoas receptoras da RISGA poidan ter un traballo realizando tarefas de limpeza viaria no municipio durante 7 meses e tres socorristas se incorporen ao Servizo de Salvamento das praias.

Unha grande parte de todos os gastos extraordinarios derivados do verán, que superan os 300.000 euros, pódense afrontar cos recursos procedentes da ORA, que ademais fomenta a rotación de vehículos e impide que os mellores estacionamento estean ocupados todo o día polos mesmos coches.

O Centro Municipal de Formación axudou a que 312 persoas atoparan traballo e a que se crearan 30 novas empresas ▼

◆ O Concello de Oleiros, a través do Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, axudou a 312 persoas a atopar emprego durante o ano 2016. En total foron atendidas 4.435 persoas nas dependencias dos Regos ao longo do 2016. Das 312 persoas que conseguiron ser contratadas, 88 introducíronse no mercado laboral a través dos programas de emprego municipal, 178 aproveitaron as ofertas de emprego tramitadas e 46 crearon o seu propio posto de traballo como emprendedores. A partir do asesoramento proporcionado no Centro Municipal de Formación a 121 proxectos empresariais, tamén naceron un total de 30 novas empresas que orixinaron 46 novos empregos.

Coidando dos nosos maiores

■ *O Concello de Oleiros inviste 1,5 millóns de euros anuais na atención e nas actividades das persoas maiores de 60 anos*

◆ A política social do Concello de Oleiros sempre se caracterizou pola especial atención que se lle dedica ás persoas maiores e ás súas familias. Non só no plano máis asistencial, cando se precisan coidados e atencións, senón tamén realizando numerosas actividades para fomentar un envellecemento activo, cun claro enfoque preventivo para evitar o deterioro.

ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES E CON DEPENDENCIA ▼

Servizo de Axuda no Fogar e Comida sobre Rodas ▼



◆ Persoal cualificado do Concello de Oleiros presta un conxunto de atencións e coidados de carácter persoal, no domicilio, co fin de coidar ás persoas dependentes, contribuír á mellor calidade de vida posible das persoas que viven soas evitando ingresos innecesarios en residencias e apoiar ás familias a asumir as súas responsabilidades. Durante o ano 2016 realizáronse 50.000 servizos, repartidos en 49.000 horas de atención a un total 209 persoas. Ademais, existen outra serie de atencións gratuítas como *telefarmacia*, podoloxía, fisioterapia e salón de peiteado.

Programas de apoio a cuidadores ▼



◆ Ao longo do ano desenvólvense diversos obradoiros (*Descubrinto Emocións, Coidando Emocións...*) de apoio emocional ás persoas que teñen ao seu cargo maiores con algún tipo de dependencia e que precisan duns coidados continuos.

Orientación na realización de trámites ▼

◆ O Concello de Oleiros ten a disposición de todos os veciños e veciñas un servizo de asesoramento e axuda na tramitación dos distintos recursos relacionados coa situación de dependencia. É o caso das solicitudes de residencia, teleasistencia, centro de día...

ANIMACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL ▼

Actividades 60+ ▼



◆ Todas as localidades do municipio acollen, ao longo de todo o ano, distintas actividades físicas (ioga e ximnasia), outras de estimulación cognitiva (memoria) e cursos de informática. Máis de 400 persoas participan neste programa, co que se contribúe a un maior benestar físico e psicolóxico.

Ven e Descubre ▼



◆ As persoas maiores dispoñen dunha ampla oferta de excursións e rutas de sendeirismo interpretativo para coñecer a historia, a natureza, os monumentos e as paisaxes de toda Galicia. O programa deste ano, *Sabor a historia*, conta con 2.280 prazas repartidas en 18 excursións e 12 rutas de sendeirismo.

Romaría das Merendiñas ▼



◆ A tradicional festa de Oleiros para as persoas maiores, que organiza o Concello de Oleiros coa colaboración de numerosos voluntarios, conta cunha elevadísima participación. Máis de 1.300 maiores se reúnen nunha xornada festiva, de confraternidade e de convivencia que se celebra anualmente o primeiro sábado do mes de xuño nos xardíns das Torres de Santa Cruz.

Aulas de Miores ▼

◆ Existen numerosos locais municipais destinados ao encontro das persoas maiores. Espazos públicos de lecer onde as persoas maiores se reúnen para charlar, xogar ás cartas, falar... nun entorno cálido e agradable.

O Concello apoiará aos médicos galegos que se desprazarán a Nicaragua a atender nenas e nenos

◆ Un grupo de 7 sanitarios galegos, pertencentes á ONG Solidariedade Galega, desprazaranse en outono ao Hospital Óscar Danilo Rosales de Nicaragua -o segundo país máis pobre de América Latina- para atender a nenas e nenos que presentan necesidades ortopédicas. O Concello de Oleiros colaborará con este proxecto costeando os gastos de desprazamento para facilitar así o traballo altruísta das persoas participantes.

O hospital atópase no departamento de León, onde residen medio millón de persoas, e conta con 343 camas. Os médicos, algúns deles veciños de Oleiros, botarán desde o 1 ata o 13 de outubro atendendo e intervindo con cirurxías a aqueles nenos e nenas con pés zambos, secuelas de fracturas, espasticidades e outras doenzas similares. Os sanitarios, que destinan as súas vacacións a este proxecto, atenden de xeito gratuíto a calquera persoa que o precise, fan xornadas intensivas coas pausas imprescindibles para descansar e tamén colaboran na formación de sanitarios do país.



Dúas escolas de Nicaragua recibirán diverso material dos centros de ensino Oleiros

◆ O Concello de Oleiros, en colaboración co Grupo Novapescanova, procederá nos vindeiros días ao envío de diverso material escolar que se atopaba sen utilizar nos colexios Luis Seoane e Rabadeira e que pasará a ter uso en dous centros de ensino de Nicaragua, na escolas Francisco José Montealegre e Alfonso Mondragón. Ambos colexios atópanse na localidade de Chinandega, unha zona especialmente empobrecida.

Todos aqueles veciños e veciñas que así o desexen poden participar -ata o día 30 de xuño- neste proxecto de cooperación con Nicaragua entregando material escolar novo, ou nun estado de conservación óptimo, para que sexa incluído no envío. Os puntos de entrega son a Casa do Concello, o Centro Municipal de Formación e A Fábrica.

A maiores das apartacións que se reciban por parte dos veciños, o envío estará formado por máis de 100 cadeiras, preto de 50 pupitres, 39 mesas, pantallas de proxección, un piano, material de física e química, encerados, biombos,... O material será trasladado directamente en contedores, cedidos pola Fundación Novapescanova, ata o seu destino.

O Fondo Galego de Cooperación cumpre 20 anos

◆ Este ano cúmprense dúas décadas desde que o Concello de Oleiros, xunto con outros concellos, puxo a andar o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade como canle para loitar contra a pobreza e as desigualdades globais desde a administración local. Hoxe, a entidade conta con 88 municipios socios e as deputacións da Coruña, Pontevedra e Lugo, que se comprometen deste xeito coa solidariedade internacional, alén das siglas. A asociación convértese así na axencia municipal da cooperación galega, promovendo non só proxectos de desenvolvemento nos países do Sur, senón tamén actividades de sensibilización en Galicia que incorporan a defensa dos Dereitos Humanos á axenda local.



Nos vindeiros meses, as rúas de Oleiros acollerán a exposición 20 Anos a Fondo coa Solidariedade. Con esta iniciativa preténdese dar a coñecer a contribución das deputacións e dos concellos membros á construción dun mundo máis xusto, ao tempo que se fomenta unha opinión pública favorable á cooperación internacional.

Arrinca os plumachos das túas fincas!

SON UNHA PESTE

Incrementéntanse nun 10% as axudas á escolarización para as familias con dificultades económicas ▼



◆ O Concello de Oleiros incrementou nun 10% de media a contía das prestacións de apoio á escolarización para o curso 2017/2018, así como o límite para acceder a ditas axudas, para que as subvencións e o número de familias receptoras sexa maior. Estas prestacións son unha das numerosas medidas pola inclusión social coas que conta o Concello de Oleiros para apoiar a aquelas familias, nunha peor situación económica, a asumir, neste caso, os gastos extraordinarios que ocasiona o inicio do curso escolar.

O importe das axudas para o curso 2017/2018 son de 70 euros para o alumnado do segundo ciclo de educación infantil, de 80 para a educación primaria, de 90 para a ESO e ciclos formativos e de 110 para bacharelato ou ciclo formativo equivalente. Ademais, estas subvencións son compatibles con outras similares que poidan percibirse doutras administracións.

As persoas que asisten a ximnasia, ioga e memoria terán unha gran festa de fin de curso en Lorbé

◆ Todas as persoas que participan nas distintas actividades que se desenvolven dentro do Programa de Envellecemento Activo do Concello de Oleiros, están convidadas á festa de fin de curso que se desenvolverá na Casa do Pobo de Lorbé o vindeiro venres 30 de xuño pola tarde. Esta xornada final será o peche das actividades do primeiro semestre do ano, servindo de espazo de encontro e de convivencia entre os distintos grupos existentes en cada unha das localidades.



Preto de 400 persoas maiores de 60 anos asisten ás actividades de ximnasia, ioga e aos obradoiros de memoria que se celebran en todas as casas do pobo. Esta programación é fundamental para a promoción de hábitos saudables e dunha vida plena e activa, xa que se desenvolven todos os meses do ano, agás no verán, de forma estable e continua.

DÁNOS A LATA!

Campaña de recollida de latas de conserva no Supermercado Gadis de Bastigueiro

Sábado 1 de xullo



Voluntariado
de Oleiros

Paula Agra consegue dúas medallas de prata no Open Primavera de Salvamento e Socorrismo ▼

◆ Paula Agra, veciña de Lorbé, acadou dúas medallas de prata no Campionato de España Open Primavera de salvamento e socorrismo que se celebrou en Madrid e no que participaron preto de 300 deportistas de diferentes nacionalidades. Agra colleitou os seus triunfos nos 100 metros de socorrismo e nos 50 metros de remolque de manequín, na categoría junior feminino.



Lucía Rodríguez sube ao podio no Campionato de España de Judo ▼

◆ A judoka oleirense Lucía Rodríguez ocupou a terceira posición no Campionato de España de Judo na categoría cadete, en menos de 44 quilos. A tamén oleirense Sabela Lage foi sétima na categoría infantil, en menos de 52 quilos. Ambas deportistas son as actuais campioas galegas desta arte marcial. A medalla de Lucía Rodríguez é a segunda para o Judo Club Oleiros neste 2017.

O Acuatic Oleiros, mellor club de Galicia de natación sincronizada ►

◆ Os numerosos triunfos acadados polas máis de 130 nadadoras que forman o Club Acuatic Oleiros servíronlle para alzarse co título de mellor club galego de base de natación sincronizada na tempada 2016-2017. No Campionato Galego que acaba de celebrarse, as nadadoras oleirenses conseguiron un total de cinco medallas nas competicións por equipos. Ademais, nas probas individuais, Inés Losada gañou unha medalla de ouro e Martina López unha de bronce.



O Club Voleibol Oleiros proclámase campión galego en Perillo ◀

◆ O Club Voleibol Oleiros conquistou hai unhas semanas o Campionato Galego na categoría cadete masculina tras impoñerse na fase final do torneo, que se disputou no pavillón municipal do Colexio Valle-Inclán, ao Boiro, o Emevé e o Calasancias. Grazas a este importante triunfo o equipo oleirense representará a Galicia no Campionato de España que se celebra en Cuenca. Pola súa parte, o equipo cadete feminino tamén foi cuarto no Campionato galego.

O batel feminino de Perillo acada o subcampionato provincial ▼



◆ O Club de Regatas de Perillo proclamouse subcampión provincial de bateis na máxima categoría feminina. Despois de numerosas regatas preparatorias amosando un extraordinario nivel, a tripulación perillana completou unha magnífica regata na gran final provincial e só se viron superadas polo equipo de Ribeira. As remeiras afrontan agora os últimos días de preparación antes da súa estrea na Liga Galega de Traiñeiras.

O Atlético San Pedro ascende a Primeira autonómica ▼



◆ O Club Atlético San Pedro conseguiu ascender a Primeira autonómica logo dunha extraordinaria campaña. A falta dun partido para o remate da competición, o equipo puido celebrar o ascenso diante dos seus afeccionados cunha vitoria fronte os tamén oleirenses do Xuventude de Dorneda. O equipo que adestra Eduardo Pombo foi subcampión de liga con 23 vitorias, 7 empates e 4 derrotas.

AXENDA DEPORTIVA ▼



■ VI Bandeira Salgado Conxelados- II Bandeira Concello de Oleiros

- **Data:** sábado 1 de xullo, 17:00
- **Lugar:** Praia de Santa Cristina

O Club de Regatas de Perillo organiza dúas regatas de traiñeiras, unha masculina e outra feminina, que forman parte do calendario oficial da Liga Galega. O Concello subvenciona estas probas con 5.400 euros.



■ IV Bandeira Baía de Mera

- **Data:** sábado 15 de xullo, 17:00
- **Lugar:** Praia de Mera

O Centro Deportivo Mariñeiro de Mera organiza a cuarta edición da súa regata de traiñeiras, puntuable para a Liga Galega B. O Concello subvenciona esta competición con 3.600 euros.



■ XX Trofeo Concello de Oleiros de patinaxe de velocidade

- **Data:** sábado 22 de xullo, 16:00
- **Lugar:** Polígono de Iñás

Máis de 200 patinadores procedentes de Portugal e de diversas partes de España participan nesta carreira que se desenvolve sobre o asfalto.



■ XLVII Trofeo Concello de Oleiros de fútbol

- **Data:** fins de semana de xullo e agosto

Todos os equipos de fútbol modesto do municipio enfróntanse durante o verán nesta competición á que o Concello de Oleiros destina preto de 10.000 euros.

O alumnado do IES María Casares presenta un novidoso xogo de mesa sobre o municipio nun certame matemático ▼



◆ Os alumnos e as alumnas de segundo da ESO e primeiro de Bacharelato do IES María Casares presentaron un interesante xogo de mesa, previamente confeccionado no instituto, nun certame matemático celebrado na Coruña. O xogo mestura historia e patrimonio de Oleiros con matemáticas, unha combinación que atraeu a centos de persoas ata o posto do centro oleirense, o que o converteu nun dos principais atractivos do encontro.

A cápsula do IES Miraflores chega a 33.000 metros de altura

◆ O estudiantado do IES Miraflores, en colaboración con outros dous institutos galegos, completaron con éxito o lanzamento dunha cápsula que conseguiu chegar á estratosfera. O alumnado de terceiro da ESO e primeiro de Bacharelato que participou nesta novidosa iniciativa xa está a analizar os datos científicos obtidos con este experimento.



O Amanexo de Dexo triunfa en varios concursos de música tradicional ◀

◆ A Asociación Cultural O Amanexo de Dexo recibiu tres importantes premios nas últimas semanas. No Concurso de Música Tradicional Traspés, celebrado na cidade de Vigo e no que participaron conxuntos de toda Galicia, o grupo das "Galdrumeiras" obtivo o terceiro posto e o das "Barallocas" ocupou a segunda posición. Unha semana antes, as "Barallocas" foron terceiras no concurso de música tradicional Xacarandaina.

Dous oleirenses gañan o Premio Mestre Mateo de publicidade ▼

◆ Sonia Barros e Samuel Vázquez, co seu anuncio "Cando chega o inverno", foron seleccionados polos académicos do audiovisual como os creadores do mellor anuncio galego do ano. O seu traballo foi emitido en internet, cines e TVG durante o inverno. Ademais, acaban de recibir outro galardón en Madrid no que competían con varias axencias multinacionais.



O último sábado de xullo celébrase unha nova edición do Basticore ▼

◆ O festival Basticore 2017 terá lugar na pista de skate de Bastiagueiro o sábado 29 de xullo. A primeira hora da tarde, a partir das 15:00 horas, comezarán as actuacións musicais que amenizarán a tradicional exhibición e concurso de monopatín.

A entrada é gratuíta e os grupos musicais que actuarán nesta edición son: Cuchillo de fuego, Bulto, Stoyka, Please Wait, Moura, Invasive Sessions, Theta Waves, Ordesa, Super Busty Samuray Monkei e algunha outra banda máis que se atopa pendente de confirmación.

A Coral de Mera actúa por primeira vez en Francia

◆ As persoas que integran a Coral Polifónica de Mera desprazáronse o pasado mes de abril a París para ofrecer dous concertos na capital francesa. A agrupación Voces Latinas, que foi a que os convidou a Francia, devolveu a visita o pasado mes de maio a Oleiros para participar no Concerto do vixésimo sexto aniversario da agrupación meracha.



Alfaroleiros, a mellor mostra de olería de España ▼

■ Oleiros volverá ser a capital da olería tradicional do Estado coa celebración da XXIII edición da feira Alfaroleiros. O parque Luís Seoane de Santa Cruz acollerá entre o mércores 2 e o domingo 6 de agosto esta mostra, única en toda a península. Paralelamente, desenvolveranse múltiples actividades lúdicas e culturais para todos os públicos que atraerán ata Santa Cruz a milleiros de veciños, veciñas e visitantes.



◆ Alfaroleiros é unha feira onde a combinación de tradición e pureza amosa todo o seu esplendor. Os oleiros participantes, unha selección dos mellores dentro das súas respectivas zonas de procedencia, ensinarán e venderán as súas creacións e realizarán diversas demostracións. O horario de exposición será de 10:00 a 22:30 horas.

Pola súa parte, o alumnado do obradoiro municipal de olería tamén expoñerá durante a mostra algún dos seus traballos. Haberá tamén moitas outras actividades culturais, musicais e de ocio no parque Luís Seoane e na praza Esther Pita.



PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

- **Mércores 2 de agosto**
22:15 Proxección da película *Atrapa la bandera*
- **Xoves 3 de agosto**
20:00 Espectáculo de danza e música *Danzamos no verán*
22:15 Proxección da película *El libro de la selva*
- **Venres 4 de agosto**
20:30 Concerto de *Los Mecánicos Band*
- **Sábado 5 de agosto**
22:30 Concerto *Son galego, son cubano; de Roi Casal*
- **Domingo 6 de agosto**
21:15 Concerto de *The Revival Stompers*

Unha excursión percorrerá o tramo do Camiño de Santiago entre Palas de Rei e Arzúa ▼

◆ O Concello de Oleiros organiza para o sábado 23 de setembro unha ruta polo tramo do Camiño de Santiago entre Palas de Rei e Arzúa. O programa comprende o percorrido a pé entre as dúas vilas no que se transita por San Xiao do Camiño, O Leboreiro, Ponte Furelos, Melide e a capela da Madalena. A distancia a completar é de 28 km e a ruta está cualificada como de dificultade media-baixa.

O prezo é de 18 euros para empadroados e de 23 euros non empadroados. Para apuntarse e obter máis información é preciso dirixirse ao Departamento de Cultura do Concello de Oleiros, situado no centro cultural A Fábrica, ben fisicamente ou a través do teléfono -981 636 598- ou do correo electrónico -cultura@oleiros.org-.



Santa Cruz e Santa Cristina acollerán o Festival de artes escénicas na rúa do 14 ao 16 de xullo ▶

◆ Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do Concello de Oleiros servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música, circo, danza, teatro de rúa, maxia...

PROGRAMACIÓN:

▶ VENRES 14 DE XULLO

- *Ekilibuá*, de Maitomano. Praza de Esther Pita, 12:30 horas.
- *Chow in D nait*, de FarandOleira's. Praza afundida, 21:00 horas

▶ SÁBADO 15 DE XULLO

- *Vaya circo!*, de Kanbahiota. Praza de Esther Pita, 12:30 horas
- *Give it a spin*, de Pisando Ovos. Praza do Castelo, 22:30 horas

▶ DOMINGO 16 DE XULLO

- *Concerto Singular*, de Píscore. Praza afundida, 12:30 horas
- *Enlloc-On-A medio metro de lo vivido*, Jordi Vilasexa-Exire-Entremans. Parque José Martí, 21:00 horas



O Grupo Estable de Teatro municipal triunfa no Gabriel García Márquez ante máis de 250 espectadores ▼



■ Foto de Kinografías

◆ O Auditorio de Mera acolleu a posta en escena do traballo de fin de curso do Grupo Estable de Teatro pertencente a Escola de Teatro Municipal do Concello de Oleiros. O alumnado dirixido por Ramiro Neira e Keke Díez presentaron ante máis de 250 persoas o espectáculo "WIFI".

WIFI foi o resultado dun proceso creativo colectivo, baseado en tres ideas de forza: a brecha tecnolóxica dos nosos maiores, *Momo*

de Michael Ende e o conto *Pacto de Sangre* de Mario Benedetti. O espectáculo estivo protagonizado por Conchi Fernández, Baltasar García, Natacha Ceias, Manuel García, Fernando Imbernón, Silvia Larrosa, Gladys Pérez, Pilar Pérez, Nelly Rivas, Marisa Barros, Luly Barcos, Juan Otero, Sonia Sánchez, Gloria Feliz, Benita trillo, Cristina López, Antonio González e Jaime Faraldo.

Chega o verán, chegan as festas

■ Os meses de xullo, agosto e setembro son sinónimo de vacacións, praia, sol, divertimento e moita festa. Aínda que en Nós ou Dexo adiántase ao período estival, nas demais localidades do municipio celebran as súas festas durante o verán.

◆ É de agradecer por todos os veciños, o esforzo e traballo que realizan aquelas persoas, que forman as distintas comisións de festas, e que organizan os festexos. O Concello de Oleiros tamén é parte activa de todas as festas que se celebran, cedendo espazos públicos, aportando numerosa infraestrutura e material, poñendo a disposición dos organizadores recursos humanos e redobrando esforzos para velar pola seguridade das persoas.



► **Festas do Mar** • Mera, do 14 ao 16 de xullo



► **Festas de Santa Ana** • Mera, do 22 ao 27 de xullo



► **Festas do Carme** • Lorbé, do 4 ao 6 de agosto



► **Festas de Santa María** • Oleiros, do 12 ao 16 de agosto



► **Festas de Santa Cruz** • Santa Cruz, do 18 ao 22 de agosto



► **Festas do Santísimo** • Iñás, do 25 ao 27 de agosto



► **Festas de Santa María da Cabeza**
• Perillo, do 1 ao 3 de setembro



► **Romaría de San Cosme** • Maianca, sábado 30 de setembro

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

En Oleiros, en galego

Pasou o día e pasou a romaría. Así é como se comportan algúns grupos políticos ante o Día das Letras Galegas. Actos, declaracións, comunicados de prensa, publicacións... E despois que? Pois despois, por desgraza, nada de nada. Aquí en Oleiros, para que os concelleiros de PP e PSOE empregaran o galego nos plenos foi preciso que o alcalde llo pedira publicamente. Pero é que nin así puido ser...

Ben é certo que desde esa chamada de atención, os do PP inténtano e dependendo do día, fálano. Galego, galego... tampouco é, pero para o que din ben vale. No caso do PSOE, a mestura de arrogancia e ignorancia que desprende o voceiro do grupo socialista queda patente tamén na cuestión lingüística coa súa oposición rotunda a empregar a nosa lingua. Será un fascista reconvertido?

Nada que dicir da Alternativa dos Veciños e do BNG, que sempre empregan o galego en todos os ámbitos, "mais só os ignorantes e féridos e duros, imbéciles e escuros non nos entenden, non".

Antón Díaz - Perillo

Un xornalista aburrido

Cando falamos de 'Poderes Fáticos', eses que se exercen á marxe das canles formais, xurde a prensa como 'cuarto poder' aínda que ese concepto se aproxima máis os propietarios ou grupos empresariais. Ás veces bástalles "explicitar" ou suxerir os seus desexos para controlar ou influír na política e gobernos de "turno".

Vén esta introdución para falar dun xornalista que opina desde un xornal coruñés, de cando en vez, sobre o alcalde de Oleiros de xeito noxento. Sempre que o nomea usa a mesma "cantinela" en plan gracioso poñendo en dúbida o intelecto do rexedor refregándolle o seu 'modus vivendi' pasado e minorando calquera virtude ou mérito posible. Este periodista de piñón fixo, que parece escapado do

túnel do tempo, debería tratar os asuntos sen tanta retórica e menos mala hostia. Dispón dun espazo nun xornal unicamente para espoldrexar sen máis escusa que danar a súa imaxe. Triste. En primeiro lugar Ángel García Seoane nunca renunciou aos seus principios (todos saben da súa amizade con Fidel Castro e a loita a favor de Cuba); os veciños sábeno e valoran esa afinidade, por iso saca maiorías nas urnas.

En segundo lugar, cando o columnista escribe sobre a similitude con Podemos está desvirtuando a historia e a cronoloxía. Alternativa dos Veciños leva na política local dende o comezo da democracia con un programa claro, progresista e cunha arraigada base na veciñanza; mentres que a formación de Podemos é un grupo emerxente a nivel nacional, respectable, nado hai 'catro días' por uns aparecidos con ideas confusas (negan, segundo conveña, a súa vinculación ó réxime bolivariano e outros) a raíz da inoperancia, ou o saqueo económico e corruptela do PP e PSOE ós que veladamente o periodista outorga inmunidade crítica.

Para rematar, recoméndolle ao aludido escritor que non sexa tan aburrido e goce da vida acudindo a calquera festa onde actúe unha boa orquestra onde o músico que executa a percusión se chama 'batería' non tamborileiro. Ata lle falta clase para insultar.

J.L.P.R. - Montrove (Liáns)

Por un transporte público de calidade

Están a falar moitos os xornais sobre o transporte público na comarca. En Oleiros, especialmente na zona norte do concello, padecemos graves problemas pola escaseza de frecuencias. Por ese motivo, somos moitos os que nin pensamos en coller o autobús para ir á Coruña ou a outras zonas de Oleiros.

A cuestión é que, polo que tamén se publicou na prensa, parece que a Xunta podería sacar a contratación novas liñas e determinar tamén novos

horarios. Ante esta oportunidade, sería imperdoable que o Goberno do PP non arranxara o problema que temos. E se para as empresas do réxime -esas que despois devolven favores a uns e outros a través de sobres misteriosos- algunha liña non fora rendible economicamente, terán que buscar fórmulas de compensación. O que está claro é que non tería sentido unha renovación das liñas sen cambiar absolutamente nada.

Tranquilízanme as manifestacións realizadas publicamente polo noso alcalde reclamando máis buses e mellores horarios. Se a Xunta non atende as demandas que temos os cidadáns non deberíamos tardar mobilizarnos. E non só os veciños de Oleiros, senón que todos os cidadáns da comarca, que tamén teñen o mesmo problema, deberíamos tomar as rúas para esixir un servizo de transporte público de calidade.

L.G.T. - Mera

Ganamos todos

Os veciños estamos encantados coas beirarrúas que se fixeron na estrada xeral. Podemos pasear tranquilamente, ir a Dorneda, baixar a Mera... É unha marabilla. Quero felicitar ao Goberno de Alternativa dos Veciños por esta obra da que podemos disfrutar todos os veciños.

Quero darlle as grazas tamén ás persoas que cederon parte dos seus terreos pola súa conciencia do ben xeral. Pode que perderan unha parte pequena da súa propiedade, pero creo que ganaron bastante máis do que entregaron. Mesmo atreveríame a dicir que con esta obra se revalorizan as casas que están á beira da estrada. O único que botamos en falta é algún paso de peóns. Agardo que máis adiante teñamos algún, porque as velocidades ás que circulan os coches son elevadas e cruzar, ás veces é case un deporte de risco, especialmente para as persoas de máis idade.

David Vázquez - Breixo

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	9 xullo / 7 agosto / 6 setembro
Mingua	16 xullo / 15 agosto / 13 setembro
Nova	24 xuño / 23 xullo / 21 agosto
Medra	1 xullo / 30 xullo / 29 agosto

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

1 > A Coruña > Fonteculler > Fonteculler > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Domingos e festivos Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Domingos e festivos Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nós > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora. ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora. ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



35.655 habitantes empadroados/as!

Ata o 15 de xuño, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:


DEXO (Santa María)	1.348
DORNEDA (San Martiño)	3.455
IÑÁS (San Xurxo)	1.224
LIÁS (Santa Eulalia)	10.411
MAIANCA (San Cosme)	1.426
NÓS (San Pedro)	4.720
OLEIROS (Santa María)	3.008
PERILLO (Santa Leocadia)	8.492
SERANTES (San Xulián)	1.571
TOTAL	35.655

FARMACIAS DE GARDA

Datas

▪ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027	Do 23 ao 29 de xuño Do 8 ao 14 de setembro
▪ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937	Do 30 de xuño ao 6 de xullo Do 15 ao 21 de setembro
▪ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)	Do 7 ao 13 de xullo Do 22 ao 28 de setembro
▪ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890	Do 14 ao 20 de xullo Do 29 de setembro ao 5 de outubro
▪ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liás) • Teléfono: 981 614 503	Do 21 ao 27 de xullo Do 6 ao 12 de outubro
▪ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440	Do 28 de xullo ao 3 de agosto Do 13 ao 19 de outubro
▪ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liás) • Teléfono: 981 614 184	Do 4 ao 10 de agosto
▪ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liás) • Teléfono: 981 923 845	Do 11 ao 17 de agosto
▪ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932	Do 18 ao 24 de agosto
▪ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165	Do 25 ao 31 de agosto
▪ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)	Do 1 ao 7 de setembro

A nova urbanización da Pezoca contará con 80 vivendas protexidas



◆ Nas vindeiras semanas serán contratadas as obras de urbanización do ámbito comprendido entre o Colexio da Rabadeira, a rotonda das olas de barro, o centro de saúde e a piscina de Oleiros, que abrangue un total de 59.091,10 metros cadrados, dos que máis da metade pasarán a ser de titularidade pública.

Unha parte importante das obras de urbanización desta zona foron absorbidas coa construción da circunvalación da vía Ártabra. Agora, os propietarios contratarán por máis de 3 millóns de euros a dotación de todos os servizos e dos accesos para os futuros edificios, así como a creación das áreas de espacemento público.